

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	ROIS
Edificio	Igrexa de San Vincenzo de Augasantas
Dirección	Lugar da Eirexa, s/n. 15912
	42.793936 -8.737967
Descricion	<p>A igrexa de estilo barroco ten nave de cruz latina, con dous pequenos corpos saíntes a cada lado da nave, de menor altura, e sancristía acaroada ao lado norte do presbiterio. Feita a base de cadeirado de granito e tellado a dúas augas, excepto na cabeceira e brazos menores da cruz de menor desenvolvemento. A torre do campanario, que aparece situada no eixo central da fachada, proporciona unha grande verticalidade á edificación, algo que consegue grazas ao seu gran porte</p> <p>A portada aparece decorada con orelleiras cadradas de baquetóns superpostos que enmarcan a porta. Esta vai flanqueada por pilastras con molduras. Enriba dela unha cornixa voada dá paso a un frontón de remate curvo onde se asenta unha fornela co santo da súa advocación. Remata a fachada en frontón triangular con dous grandes pináculos en forma de copa en cada esquina. Na torre do campanario pódense diferenciar tres corpos. O primeiro corpo cuadrangular, con adornos de rebaixes nos muros, remata nunha cornixa moi voada que dá paso ao outro corpo rodeado de fermosa balaustrada e que acolle as campás en ocros rematados en arco de medio punto que levan dúas pilastras refundidas por cada cara. O terceiro corpo de base octogonal con vans que rematan en arcos e que sosteñen unha pequena cúpula con nervios e rematada en pináculo que culmina cunha cruz de forxa. Ten adornos de pináculos en cada esquinas dos entaboamentos que dividen os corpos da torre.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Protección	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Data	29-03-2023

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Díámetro (en cm)	Peso
--------------	-------	----------	------------------	------------------	------

Torre-campanario	REGINA SACRATISSIMI ROSARII	LISTE PEREIRAS, JUAN (PARROQUIA DE ORAZO)	1894	86	368
Torre-campanario	San Vicente	LISTE PEREIRAS, JUAN (PARROQUIA DE ORAZO)	1894	111	792

Información completa: [Igrexa de San Vincenzo de Augasantas - ROIS \(GALICIA\)](#)

PDF (19-01-2025)